



Día das Letras Galegas 2008

Xosé María Álvarez Blázquez

UN NOVO MENCER



PRESENTACIÓN DO TRABALLO

I. DESENVOLVEMENTO

Cando abordamos a realización dos carteis, partimos dun obxectivo primordial e básico: conseguir a motivación do público en canto á súa lectura . O seguinte obxectivo que nos guiou foi que, a partir da lectura total ou parcial dos mesmos, se tirase unha idea, máis ou menos ampla, pero sempre clara, da figura do autor homenaxeado. Para iso, levamos a cabo unha escolma de datos (todos eles considerados elementais para debuxar un retrato bio-bibliográfico de Álvarez Blázquez) e distribuímoslos en 11 carteis, da forma que apuntamos de seguido:

- [Cartel 0]
O primeiro é de presentación. Só consta dun retrato do autor e dun poema. O retrato porque consideramos que sempre é agradable poñerlle cara a un nome e o poema -que sae da lapela de Álvarez Blázquez-, para que quede claro que a homenaxe está dedicada a un poeta da literatura galega.
- [Cartel 1]
O segundo, e sen dúbida o máis cargado de información, recolle a liña de tempo da vida do autor, presentando de xeito cronolóxico a súa traxectoria vital.
- [Carteis 2,3 e 4]
Os tres seguintes dedícanse ó seu percorrido biográfico profundamente ligado ás vilas onde se desenvolveron a súa infancia (Tui), a súa mocidade (Pontevedra) e a súa madurez (Vigo).

Quixemos tamén que visualmente, estes carteis, axudasen á lectura. Para iso escollemos para este primeiro bloque de presentación/información un fondo azulado que contrasta coas diferentes gamas de amarelo cos que contan os seis carteis seguintes, onde se fai referencia á súa obra, tanto literaria como non literaria.



Día das Letras Galegas 2008

Xosé María Álvarez Blázquez

UN NOVO MENCER



Unha vez decidida a estrutura que lle queríamos dar ós carteis, preparamos a información referida á obra literaria do homenaxeado.

- [Carteis 5 e 6]]

Intentamos recoller a súa herdanza como poeta pero tamén como narrador e dramaturgo. Estas dúas últimas facetas, aínda que moito menos relevantes, tamén merecen, segundo a nosa opinión, difusión. Mesmo achegamos, tendo en conta a súa importancia, algunhas indicacións respecto do seu traballo en lingua castelá.

Dado o prolífico que foi Álvarez Blázquez en canto ó desenvolvemento de diversos labores, seleccionamos aquelas facetas máis destacadas agrupándoas en "obra non literaria" e "editor" que nos ocuparon os catro carteis restantes:

- [Carteis 7 e 8]

Presentámolos coa denominación de "obra non literaria". Aquí recolleemos por unha banda, a súa produción non artística (froito do seu labor de investigador e compilador da literatura galega da Idade Media e dos séculos escuros, así coma da literatura oral ou a elaboración de biografía) e, por outra banda, os seus traballos de arqueólogo e historiador. Neste último, mediante fotografías, faise mención tamén ó seu labor de erudito e persoa entregada á cultura galega.

- [Carteis 9 e 10]

Rematamos a presentación con dous carteis que recollen o seu labor como editor: o primeiro dedicado basicamente á Editorial Monterrey e o segundo a Edicións Castrelos, a través dos que quixemos deixar constancia da importancia que tivo na época apostar por este labor de difusión das letras galegas.

II. GUÍA DIDÁCTICA DOS CARTEIS

A guía didáctica dos carteis elaborámola entre o alumnado de Bacharelato adscrito ó ENDL e o profesorado do mesmo. Pero nesta ocasión, contamos ademais



Día das Letras Galegas 2008

Xosé María Álvarez Blázquez

UN NOVO MENCER



coa colaboración de profesorado doutros departamentos, tal e como se relaciona no documento "Grupo de traballo"

A guía didáctica está estruturada nos apartados que se describen seguidamente.

- Brevísima descrición, a modo de recordatorio, do contido do cartel sobre o que se pretende traballar.
- [Adestrando a memoria...]
Para cada cartel foron redactadas unhas preguntas-guía baseadas no contido do mesmo e que se puidesen ser contadas trala súa lectura. Esta fórmula tamén foi pensada para obrigar a ler o cartel na procura dos datos que se solicitan.
- [Para saber máis]
A continuación elaboráronse preguntas destinadas á investigación de cuestións relacionadas -directa ou indirectamente- coa información do cartel, pero que xa obrigan a afondar moito máis. Pensamos que sería interesante presentar unha invitación á investigación, unha especie de "caza do tesouro" que permite usar todo tipo de material de apoio. As cuestións elaboráronse a partir da información achegada polos departamentos colaboradores que seleccionaron os datos máis relevantes para o período correspondente á vida do autor.
- [Para saber aínda máis]
Esta epígrafe só existe na guía didáctica dos carteis 6 e 7 que son aqueles consagrados á obra literaria de Álvarez Blázquez. Para traballar esta parte, botamos man dos departamentos de lingua e literatura castelás e de francés lingua estranxeira -ademais, por suposto, do de lingua e literatura galegas-. Trátase dunha invitación a viaxar polas literaturas veciñas (portuguesa, castelá e francesa) para ver o que sucedía na época contemporánea ó noso homenaxeado. Todo iso a través dunha serie de preguntas ás que hai que responder.



Día das Letras Galegas 2008

Xosé María Álvarez Blázquez

UN NOVO MENCER



- [O Trivial de Álvarez Blázquez]

Por último deseñamos un "Trivial da época de Álvarez Blázquez". Dado que os diferentes departamentos achegaron bastante información sobre os 80 anos nos que transcorreu a vida do autor, aproveitamos para elaborar grupos de preguntas das diferentes áreas e materias que entrasen no período 1915 - 1985. Acordamos presentalas a xeito de trivial, para o que lle asignamos unha color a cada área temática. Deseñáronse en recadros que permitan ser recortadas.